



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 25 DE

XUÑO DE 2012

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e cinco de xuño de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona María Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 18 de xuño de 2012

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia.

- Escrito do letrado asesor xurídico da Excma. Deputación Provincial da Coruña, don Ramón Valentín López Rey, rexistrado de entrada con data 18 de xuño de 2012 co número 8.250, ao que se achega copia da sentenza ditada polo TSXG de data 16 de maio de 2012, recaída no recurso de apelación interposto pola representación de "Indeza Edificación y Obra Civil, S.L." contra sentenza de 16 de maio de 2011, ditada polo XCA n. 2 da Coruña, na que se acorda desestimar o recurso de apelación interposto pola empresa contra a Resolución do Concello de Cambre, de data 8 de xaneiro de 2010, pola que se acordaba a resolución do contrato suscrito entre a entidade local e a mercantil actora, para a execución da obra incluída no plan provincial de cooperación "Ampliación redes de abastecemento e

saneamento de auga en Anceis, Piñeiro e San Lourenzo”, así como a incautación da garantía definitiva por importe de 16.168,24 euros, e se impoñen as costas do recurso de apelación á empresa que o interpuxo.

Faise constar que con data 21 de xuño de 2012 rexistrase de entrada ao n.º 8593, escrito do Xulgado contencioso-administrativo n.º 2 da Coruña, polo que se dá traslado ao Concello das sentenzas ditadas en primeira instancia e en grao de apelación, que poñen fin ao procedemento.

- Escrito da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, Consellería de Facenda, rexistrado de entrada con data 18 de xuño de 2012 co número 8.246, no que dá contestación a un requirimento efectuado dende o concello, e se informa que os inmobles destinados a albergar o servizo educativo do nivel dos CEIPs, son de propiedade municipal, correspondéndolle a propiedade dos IES á Xunta de Galicia. Así mesmo informa do estado de formalización de tales acordos.

- Publicación definitiva da modificación íntegra da Ordenanza fiscal número 8, reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas de apertura de establecementos do Concello de Cambre. (Boletín Oficial da Provincia número 115, do día 19 de xuño de 2012).

- Escritos da Excm. Deputación Provincial da Coruña, rexistrados de entrada con data 20 de xuño de 2012 cos números 8.567 e 8.568, nos que se comunica o acordo adoptado polo pleno da Deputación o día 25 de maio de 2012, respecto dos prazos de xustificación das subvencións nominativas ou en réxime de concorrencia outorgadas con anterioridade ao 1 de xullo de 2011, isto en relación cos proxectos de “Construción de nova instalación para o servizo de Protección Civil” e “Casa da Cultura de Cambre”, respectivamente.

- Resolución de 14 de xuño de 2012, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de convalidación do Real Decreto-lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos. (Boletín Oficial do Estado número 148, do día 21 de xuño de 2012).

- Decreto 136/2012, do 31 de maio, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais. (Diario Oficial de Galicia número 119, do día 22 de xuño de 2012).

- Orde do 8 de xuño de 2012, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

concorrenza competitiva, de subvencións a asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro para o equipamento e a mellora dos seus locais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012. (Diario Oficial de Galicia número 119, do día 22 de xuño de 2012).

- Corrección de erros da Orde do 13 de xuño de 2012, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se modifican as ordes da Consellería de Traballo e Benestar do 28 e 29 de febreiro, polas que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración, respectivamente, cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, así como coas entidades locais, e se procede á convocatoria para o ano 2012. (Diario Oficial de Galicia número 120, do día 25 de xuño de 2012).

- Anuncio de acordo en materia de xestión orzamentaria adoptado polo pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña. (Boletín Oficial da Provincia número 119, do día 25 de xuño de 2012).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que xa se abriron as tres piscinas descubertas do Concello de Cambre, a de Cecebre, a de Balado e, por fin, a do Temple. Todas elas contan co visto e prace de Sanidade.

Tamén informa que xa finalizou o prazo para anotarse nos campamentos de verán para mozos organizados polo departamento de Xuventude, e acaba de publicarse a lista de admitidos. Os pequenos van viaxar a Lugo e o grupo dos maiores a Portugal. A demanda foi moi grande para ambos grupos.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que, tal e como adiantou a semana pasada, estivo a analizar a liquidación do orzamento. O resultado orzamentario é de 232.659,58 €, así recuperan o signo positivo fronte ao ano pasado, que foi negativo.

O remanente de crédito é de 6.767.292,95 €, executándose unha media do 68,74 € dos créditos.

En canto ao remanente de Tesourería é de 828.702,19 €, ao que se teñen que restar os dereitos pendentes de cobro e o exceso de financiamento afectado.

Expón que no ano 2010 houbo un resultado negativo de 627.305 euros e este ano un positivo de 120.568,81, que xa se prevera na aprobación dos orzamentos.

Di que se cumpre co principio de estabilidade orzamentaria, porque existe unha capacidade de financiamento de 189.354,93 euros, e un aforro neto positivo de 613.383,16 euros.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que no pleno vai a modificación da Relación de postos de traballo que afecta á praza do enxeñeiro técnico industrial. A modificación consiste, por un lado, na rebaixa do complemento específico, para igualalo ao do resto de A2, e, por outra parte, modificar a ficha para que se poida levar a cabo un concurso entre funcionarios de calquera concello para cubrir o posto, xa que a día de hoxe só se podería concursar dentro do propio concello e non hai persoal que cumpra os requisitos.

Di que hoxe, ás 13:00 horas, terá a reunión coa Mesa de Negociación para tratar o tema, xa que foi imposible reunirse antes.

A continuación informa que están listos os pregos técnicos do Plan de modernización municipal, e só faltaría a proposta. Tamén informa que agarda que esta semana lle entreguen os pregos técnicos polo tema das telecomunicacións.

Outro dos asuntos que están pendentes de licitar é a licitación de fotocopiadoras, impresoras, etc. do concello. Con este expediente o que se pretende é unificar os criterios, e substituír os equipos que hai agora, xa que dáse o caso de que algúns deles están en renting, outros alugados, hai equipos que son do concello e teñen contratado o mantemento, outros non, etc.

Dona Rocío Vila Díaz pregunta polo tema do Sigem.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Don Felipe Andreu Barallobre explica que existe unha grande acumulación de traballo nalgunhas áreas, pero que está xa no departamento de contratación.

Dona M^a Jesús González Roel pregunta se non se podería contratar persoal precisamente por acumulación de tarefas.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que precisamente hai uns días tiveron unha reunión os departamentos de Réxime Interior e Intervención para fixar os criterios aplicables que permitan a contratación de persoal cumprindo coa normativa vixente, que como todo o mundo sabe é moi restritiva e só permite contratar en supostos moi concretos.

O Sr. alcalde manifesta que hai que buscar unha solución, porque o primeiro que teñen que facer é dar solucións aos cidadáns, non se poden permitir que se vexan afectados nas súas demandas polo funcionamento interno do concello.

Don Manuel Marante Gómez sinala a importancia de simplificar as actuacións.

Todos os concelleiros asistentes recoñecen a necesidade de buscar solucións, e coordinar a actuación de todas as áreas, polo que o Sr. alcalde fixa unha reunión para o mércores 27, ás 9:00 da mañá no salón de plenos, á cal serán citados todos os técnicos do concello, así como os responsables políticos das distintas áreas, isto coa finalidade de fixar unha liñas de actuación e asegurar a colaboración e cooperación entre todos os departamentos.

Don Felipe Andreu Barallobre informa respecto do festival Brincadeira que ata o día de hoxe se venderon 3.100 entradas, o triplo das que a estas alturas se venderon en Ordes o ano pasado.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa respecto das obras da rúa Pígara que deberían estar rematadas esta semana, xa que co bo tempo van poder levar a cabo as tarefas de sinalización.

Tamén informa que na rúa Constitución van modificar o sentido do tráfico no seu tramo final. A día de hoxe é un tramo de dous sentidos, e van deixar só un, o que permitirá ganar unhas 15 prazas de aparcamento e ordenar mellor o tráfico. Di que hoxe comezan a pintar, o que vai ocasionar que durante un par de días estea curtada a zona de acceso pola parte de arriba.

A continuación informa que hai problemas co tema da poda das árbores que están pegadas aos camiños, xa que hai lugares en que o seu tamaño dificulta o paso dos camións do lixo, que se queixan de que sufren danos. Di que estivo revisando a zona e que é unha mágoa como está o tema.

Explica que caben dúas posibilidades para intentar arranxar o tema. Por unha parte sacar un bando para solicitar que a xente pode as árbores, pero non cre que tivera un resultado demasiado efectivo.

Outra posibilidade é intentar facer algo coa brigada. El tiña pensado destinar parte do persoal que se contrata a través do plan de cooperación, pero este ano estase atrasando o tema, e aínda non saben se van contar con ese persoal ou cantos van vir. O problema que ten a brigada é que tampouco conta cos medios materiais necesarios, a idea sería colocar unha cesta no camiión municipal, e xa fixo a consulta para saber se hai orzamento.

O Sr. alcalde manifesta que el dubida de que un bando teña efectividade suficiente.

Dona Rocío Vila Díaz sinala que precisamente falou co técnico de Urbanismo sobre este tema, e a súa opinión, por experiencias anteriores é que un bando deste tipo o que realmente ocasiona é que se presenten un gran número de denuncias, pero non soluciona o problema, de feito, di que, a día de hoxe, ela aínda está asinando e resolvendo expedientes de ordes de execución que veñen de cando hai uns anos o anterior goberno municipal ditou un bando dese tipo.

Don Manuel Marante Gómez insiste na necesidade de tomar medidas firmes neste tema.

O Sr. alcalde manifesta que estudar o tema para ver cal é a mellor solución.

A continuación, don Manuel Marante Gómez informa que sería necesario contar cunha furgoneta grande para trasladar ao persoal da brigada cando son 8 ou 9 persoas. Tamén sería necesario unha furgoneta máis pequena que estea a disposición dos técnicos cando teñen que trasladarse a unha obra ou comprobar algunha cousa, xa que agora teñen que depender de que os leve alguén da brigada, co cal se perde tempo e efectividade. Hai que procurar contar cos medios que realmente se precisan, e non, por exemplo, ter un coche parado, o C5, porque non se adapta ás necesidades reais.

O Sr. alcalde contesta que mirarán este tema para ver cal é a mellor opción.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Finalmente, don Manuel Marante Gómez informa que o persoal da brigada está moi ocupado, polo que é posible que non poidan levar a cabo pequenos traballos para os que normalmente os reclaman dende os distintos departamentos.

Dona M^a Jesús González Roel solicita que, entón, dende o departamento de Servizos o comuniquen oficialmente por escrito, porque así na súa concellería farán os trámites necesarios para contratar a execución dos traballos que sexan necesarios.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o mércores día 20 tivo lugar a entrega dos premios “Supermoucho”, nas instalacións das bibliotecas municipais.

Por outra parte, o sábado 23 tivo lugar a sardiñada da Asociación de amas de casa no Campo da Feira.

Finalmente informa que mañá martes terá lugar o sorteo para participar no curso de inglés que comezará o próximo día 3 de xullo. Explica que é necesario levar a cabo ese sorteo porque o número de solicitudes excede ao de prazas convocadas.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona María Jesús González Roel informa que o próximo día 2 de xullo darán comezo os campamentos urbanos de verán.

Tamén informa que foi un final de curso bastante apurado, pero que nos colexios todo saíu ben.

Finalmente informa que esta semana levan para aprobación, polo pleno da Corporación, as bases do bono-taxi. Agarda que con esta proposta poidan axudar ás persoas con discapacidade de Cambre, así como ás persoas que teñan limitada a súa autonomía e mobilidade, e que ademais se atopen en peor situación económica.

Don Felipe Andreu Barallobre explica que a semana pasada recibiu o expediente para asinar a prórroga dos servizos de desratización, desinfección e desinsectación do termo municipal, e pregunta a dona M^a Jesús González Roel, xa que como concelleira de Sanidade asina as facturas, que labores en concreto leva a cabo a empresa.

Dona M^a Jesús González Roel contesta que realmente ela só ten coñecemento das facturas, conformadas polos técnicos, que lle fan chegar, xa que, aínda que se trata dun servizo que formalmente está atribuído á súa concellería, polo tema de Sanidade, en realidade é algo totalmente alleo ás súas competencias diarias, nin sequera lle corresponde ao persoal ao seu cargo.

Toma a palabra don Manuel Marante Gómez para explicar que realmente é o departamento de Servizos quen controla este servizo. Di que todos os meses a empresa entrega un parte con todos os traballos desenvolvidos nese período.

O Sr. alcalde sinala que, se é así, como mínimo deberían darlle traslado deses partes á concelleira que asina as facturas, para o seu coñecemento.

Dona M^a Jesús González Roel manifesta que quizais o mellor sería desvincular este servizo da súa área e traspasalo á área de Obras e Servizos, xa que son os que realmente controlan a actuación da empresa.

Don Manuel Marante Gómez recoñece que iso tería máis sentido.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocío Vila Díaz informa que xa está de baixa a arquitecta municipal e que están traballando para cubrir a praza o antes posible, xa que é un tema prioritario.

O Sr. alcalde sinala que isto é algo que xa tería que estar arranxado, xa que se trataba de algo que estaba totalmente previsto.

Don Felipe Andreu Barallobre informa que el xa hai dous meses que deu orde no seu departamento para que se dera solución a esta situación.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente


Manuel Rivas Caridad

A secretaria


M^a Luisa de la Red Ampudia